

BOLETÍN MARZO 2026

APE GALICIA – NOVAS MARZO 2026

1. CEOE E IFA
2. REUNIÓN CONCELLEIRA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA
3. III PREMIOS SOCIAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
4. MESA DEL AUTONOMO
5. CEOE (ONLINE)
6. ACTO INSTITUCIONAL E PONENCIA (A POBRA DO CARAMIÑAL)
7. OBRADOIRO DE INTELIGENCIA ARTIFICIAL E MARKETINGO DIXITAL
8. ALMORZO FORO EMPRESA PONTEVEDRA
9. III PREMIOS EMPRENDEMENTO EN FEMININO (MARIN)
10. 30 EDICIÓN PREMIOS APROIN
11. TOMA DE POSESION PRESIDENTE CONSELLO GALEGO DE COLEXIO DE ECONOMISTAS
12. GRAN NOITE DE GALICIA (MADRID)

APE GALICIA – AXUDAS MARZO 2026

□ 1. Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

- **MR405A e MR405F** – Axudas para inversións nas explotacións agrarias

□ 2. Turismo

- **TU503A** – Subvencións para actuacións de mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento e restauración.

□ 3. Industrias Culturais

- **CT207L** – Subvencións para proxectos de creación, produción, promoción e difusión musical.

CEOE E IFA

Desde APE Galicia asistimos recentemente, en la sede de CEOE, á presentación do Informe de Impacto Socioeconómico 2024 do Grupo IFA, elaborado en colaboración con KPMG España. A xornada centrouse no papel da distribución de proximidade como motor de emprego, actividade económica e cohesión territorial.

Desde APE Galicia valoramos especialmente este tipo de espazos de diálogo nos que se comparten análises, experiencias e reflexións arredor dos retos do sector e da súa contribución ao desenvolvemento económico e social.

Queremos tamén agradecer a acollida e a atención recibida por parte da CEOE, así como a Diego Maus, director xeral do Grupo IFA, con quen tivemos a oportunidade de intercambiar impresións e de emplazarnos para futuros encontros e posibles liñas de colaboración.

Seguimos traballando para fortalecer o diálogo e a cooperación entre organizacións, convencidos de que compartir coñecemento e experiencias é clave para afrontar os desafíos do presente e do futuro.

ACTO INSTITUCIONAL E PONENCIA (A POBRA DO CARAMIÑAL)

Ape Galicia asistiu onte na Pobra do Caramiñal a un encontro centrado nun dos principais desafíos do territorio: a continuidade do tecido empresarial, especialmente no sector marítimo-pesqueiro.

A xornada, organizada pola Asociación de Comerciantes e Traballadores Autónomos, reuniu a representantes institucionais, entre eles membros das Consellerías de Emprego, Comercio e Emigración e do Mar, así como alcaldes da comarca do Barbanza e integrantes do tecido asociativo.

Durante o encontro, púxose de manifesto a preocupación pola remuda xeracional, un reto que vai máis alá das boas intencións e que require medidas concretas. Entre elas, destacou a necesidade de impulsar unha formación flexible e adaptada á realidade das empresas, que facilite a incorporación das novas xeracións ao sector.

Os participantes coincidiron na importancia de traballar de maneira coordinada para garantir o futuro do territorio e do seu tecido produtivo.

A xornada pechouse cunha reflexión aberta: está a sociedade preparada para afrontar este desafío clave?



REUNION PARLAMENTO

Desde APE Galicia tivemos a oportunidade de estar presentes no hemiciclo do Parlamento de Galicia, convidados polo Partido Popular de Galicia, durante o debate dunha proposición non de lei centrada nun asunto clave para o colectivo autónomo: o IVA franquiciado.

A iniciativa, impulsada polo PPdeG e que será aprobada este mércores, insta ao Goberno do Estado a avanzar na transposición da directiva europea que permitiría a exención do IVE para pequenas empresas e persoas autónomas con facturación inferior aos 85.000 euros.

Queremos agradecer ao Partido Popular de Galicia a invitación para asistir a este debate, que nos permitiu coñecer de primeira man as posicións das distintas forzas políticas.

Ademais, queremos destacar que as diferentes forzas políticas presentes no hemiciclo saudaron expresamente á Asociación de Autónomos de Galicia nas súas intervencións, poñendo en valor o papel do colectivo no debate público.

Desde APE Galicia seguimos con atención todo o relacionado con esta cuestión, así como as iniciativas que contribúan a dar voz aos autónomos e autónomas.



30 EDICIÓN PREMIOS APROIN

APE Galicia participou onte na XXX edición dos Premios Aproin, unha cita xa consolidada que este ano conmemora trinta anos poñendo en valor a calidade e o compromiso do sector da promoción inmobiliaria na provincia de Pontevedra.

O acto de entrega dos galardóns tivo lugar no Círculo de Empresarios de Galicia, en Vigo, e contou coa presenza do presidente da Xunta, Alfonso Rueda, encargado de facer entrega das distincións.

Nesta edición, correspondente aos Premios Aproin 2025, o xurado puxo o foco en

actuacións desenvolvidas en Vigo e tamén na recuperación dun elemento emblemático

do litoral en Baiona. En concreto, recoñeceuse a Urbavigo, S.L. co premio á mellor actuación inmobiliaria de obra nova, pola súa aposta por un proxecto que combina calidade construtiva e integración urbana.

Os Premios Aproin continúan así reforzando o seu papel como referencia no ámbito da promoción inmobiliaria, destacando iniciativas que contribúen á mellora do territorio e á xeración de valor nas cidades e vilas galegas.

A presenza de APE Galicia nesta convocatoria reafirma o seu compromiso co sector e co recoñecemento das boas prácticas profesionais, nun momento clave para seguir impulsando un desenvolvemento urbano sostible e de calidade.



TOMA POSESION PRESIDENTE CONSELLO GALEGO ECONOMISTAS

Ape Galicia acompañou á nova Xunta Directiva do Consello Galego de Economistas no acto de toma de posesión celebrado no Círculo de Empresarios de Galicia, en Vigo.

A entidade quixo estar presente nun momento relevante para a organización profesional dos economistas galegos, amosando o seu apoio ao novo equipo e, de maneira especial, á súa presidenta, Lucy Amigo Dobaño, quen inicia esta etapa á fronte do Consello.

Desde Ape Galicia trasladan a súa noraboa á nova Xunta Directiva, destacando a importancia do labor que desenvolven os profesionais da economía no contexto actual, así como a necesidade de reforzar o diálogo coas administracións e o tecido empresarial.

A asociación deséxalles acerto e éxito nesta nova etapa, coa confianza en que o traballo conxunto contribúa a fortalecer a profesión e a achegar valor á sociedade galega.



GRAN NOITE DE GALICIA



Ape Galicia participa na Gran Noite de Galicia en Madrid e suma unha nova cofrade na Orde da Vieira

Madrid, 28 de marzo de 2026.– Ape Galicia participou na Gran Noite de Galicia, celebrada en Madrid no marco do LVIII Cabido Xeral da Enxebre Orde da Vieira, unha das citas de referencia para a comunidade galega na capital.

O encontro, que tivo lugar no Hotel Eurostars Suites Mirasierra, reuniu a representantes do ámbito empresarial, cultural e institucional arredor da promoción da galegitude e da posta en valor do talento galego fóra de Galicia.

Durante o acto desenvolveuse a tradicional cerimonia capitular, coa investidura de novos cofrades. Entre eles, foi nomeada Silvia Crespo, directora de comunicación de Ape Galicia, xunto con Manuel Varela, presidente de Caixa Rural, e Venancio Salcines, director xeral de CESUGA.

As distincións foron entregadas por Francisco Conde, presidente da Comisión de Defensa do Congreso dos Deputados; José Manuel Brandariz, produtor de cine; e Valentín García Gómez, secretario xeral da Lingua.

A xornada estivo presidida por José Cerdeira Taboada, á fronte da Orde da Vieira, acompañado polo secretario da entidade, Carlos Blas.

Un dos momentos máis destacados foi a entrega da Vieira de Honra á Calidade Artística á Coral Polifónica de Pontevedra, en recoñecemento á súa traxectoria e á súa contribución á difusión da cultura galega.

O programa completouse co desfile do Consello Capitular, a entrega de distincións, a interpretación do himno galego e unha cea de confraternidade, consolidando este encontro

como un espazo de relación e encontro para a galegidade en Madrid.

Con esta participación, Ape Galicia reforza a súa presenza en Madrid e continúa a traballar na creación de redes que conecten o tecido empresarial galego, tanto dentro como fóra da comunidade.



AXUDAS MARZO 2026



(Para consultar todas as axudas publicadas na nosa web preme [aquí](#))

co fin de reforzar a calidade e competitividade do sector de Galicia.

□ 1. Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Estas axudas , convocadas pola Xunta de Galicia no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 e cofinanciadas polo Feader, están destinadas a apoiar as persoas agricultoras mozas en réxime de concorrencia competitiva.

A convocatoria inclúe dúas liñas principais: a MR404A, dirixida a persoas de entre 18 e 40 anos que se incorporen por primeira vez como titulares dunha explotación agraria, e a MR405F, destinada a modernización ou mellora das explotacións agrarias, vinculadas a axuda de incorporación.

O obxectivo destas medidas é fomentar o relevo xeracional e mellorar a competitividade do sector agrario en Galicia.

- **MR405A e MR405F** – Axudas para inversións nas explotacións agrarias ([ver mais](#))

□ 2. Turismo

Estas axudas están dirixidas as persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos turísticos de aloxamento e restauración que cumpran os requisitos establecidos e estean autorizados ou clasificados no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia.

A convocatoria, cun prazo de presentación do 13 de marzo ao 13 de abril de 2026, ten como obxectivo incentivar a mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos,

- **TU503A** – Subvencións para actuacións de mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento e restauración ([ver mais](#))

□ 3. Industrias culturais

Esta axuda da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) está destinada a apoiar proxectos de creación, produción, promoción e difusión musical.

Diríxese a empresas e persoas autónomas con actividade principal en Galicia vinculadas á xestión de artistas ou á edición musical. O prazo de solicitude estará aberto do 25 de marzo ao 25 de abril de 2026, en réxime de concorrencia competitiva.

- **CT207L** – Subvencións para proxectos de creación, produción, promoción e difusión musical. ([ver mais](#))

Para mais información, visita a nosa páxina web:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección:

**Gagos de Mendoza Nº2, Bajo 2-
36001 Pontevedra**